

DON JOSE PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, PROVINCIA DE LUGO,

INFORMO.-

Aprobadas por este Concello as Bases que han de rexir as axudas ás familias do Municipio para a escolarización dos seus fillos, ábrese o prazo de presentación de solicitudes **ata o día cinco (5) de novembro** do ano en curso.

Os interesados poderán presenta-las nestas Oficiñas Municipais, en días laborables e horarios de 9 a 14 horas, acompañando a súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. dos membros da unidade familiar.
- Libro de familia.
- Nóminas dos últimos tres meses.
- Recibo do INEM, no caso de estar percibindo prestación por desemprego.
- Ultima declaración da renta ou, no caso de non presentala, certificado negativo da delegación de economía e facenda.
- Certificado de pensión do Instituto Nacional de Seguridade Social, no caso de ser beneficiario de pretacións sociais.
- Certificado de estar o corrente nas obrigas tributarias.
- Certificado do centro escolar no que conste matriculado o interesado.
- Facturas orixinais que acrediten o gasto realizado en material escolar.

Requisitos/Beneficiarios:

- Estar empadroados no Concello de Outeiro de Rei.
- Estar cursando estudos de ensino obrigatorio, educación infantil, Formación Profesional de primeiro grao ou bacharelato.
- Non obter axudas para o mesmo fin de outras administracións públicas.

Poderán solicitar estas axudas todo-los rapaces/rapazas que esteñan cursando Educación Infantil, estudos de Ensino Obrigatorio, Formación Profesional de primeiro grao ou Bacharelato.

A cuantía máxima xustificada por beneficiario non poderá superar a cantidade de 150 euros.

No caso de que os beneficiarios cursen estudos de Formación Profesional ou Bacharelato, a contía máxima xustificable será de 200 euros.

O nivel da renta anual máximo será trinta mil (30.000,00) euros para poder acceder a dita axuda.

Outeiro de Rei, 04 de novembro 2.011.

O Alcalde,